

MEMORIA XUSTIFICATIVA

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA,
O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A
EDICIÓN E PUBLICACIÓN DA *REVISTA GALEGA DE ECONOMÍA* NO
2019**

O director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda,

DECLARA:

Que a Consellería de Facenda e mais o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) teñen previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 3 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto outorgarlle unha subvención de concesión directa segundo o disposto no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia á USC para desenvolver as actividades relacionadas coa edición e publicación no ano 2019 do volume 28 da *Revista Galega de Economía*. Este volume consta de dous números ordinarios (1 e 2) e dun número extraordinario como mínimo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A sinatura deste convenio responde ao interese público derivado de que as actividades obxecto deste convenio aportan unha análise de calidade útil para a planificación económica sectorial pero, tamén, para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións no eido socio-económico.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste documento

O director xeral de Planificación e Orzamentos

Miguel Corgos López-Prado